

A Estación Violenta

Ángel Santos
Daniel Froiz
Xacobe Casas
Anxos Fazáns

V13.1

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

1 LUGAR INDETERMINADO EXT/DÍA

Unha rama dunha árbore axitada polo vento a piques de romper.

2 PRAIA SAN VICENTE - (FLASHBACK) EXT/DÍA

CLAUDIA (23) camiña cara á praia áxilmente. Vémola de costas. É delgada e pequena, parecería fráxil se non fose polos seus grandes e firmes ollos. Ten unha longa melena recollida nun improvisado moño. Algúns pequenos mechóns ondean cunha leve brisa.

Achéganse unhas voces e gritos de diversión. Claudia vólvese e sorrí. Un grupo de rapaces e rapazas corre cara á auga quitándose a roupa. Entre eles están Manoel (22), un rapaz alto e fraco, e DAVID (24), de aparencia máis forte ca el. Claudia ségueos e todos se bañan espidos entre risas.

Brazadas, melenas molladas, latigazos de sal. Manoel, David e Claudia parecen grandes amigos, os tres xogan na auga como nenos.

Empapado, Manoel apártase un pouco e observa ao grupo de amigos que nadan e saltan na auga. Levanta a súa man e xoga coa luz do sol que reflexa a humidade dos seus dedos.

3 PISO MANOEL. CORREDOR. INT/NOITE

A porta abanea e escóitanse remexer unhas chaves na pechadura durante moito máis tempo do normal. Por fin logra abrir a porta e entra Manoel (30). Está moi cambiado, co pelo máis longo e barba, viste un longo abrigo negro e empapado pola choiva. Entra no seu piso moi borracho e drogado, camiña ao longo do corredor ata a porta da súa habitación. Non consegue abrir e queda durmido no corredor.

4 PISO MANOEL. HABITACIÓN-BAÑO. INT/DÍA

4A. Estomballado fronte á mesa da súa habitación, Manoel mira a pantalla do seu ordenador.

Escóitanse os xemidos e música característicos dun vídeo porno. Manoel mírao sen inmutarse, máis aburrido que excitado.

Baixa a tapa do ordenador e diríxese cara o baño.

4B. Dáse unha ducha.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

4A. (Continúa) Volve ao seu cuarto secándose coa toalla. Vístese rapidamente con roupa que atopa tirada polo chan. Colle unha bolsa de tela e vai metendo dentro algúns libros que selecciona nunha estantería abarrotada. Varios caen ao chan levantando polvo. Manoel recólleos torpemente e déixaos sobre a mesa. Detense só un momento nunha libreta con tapas de coiro, ábrea e ollea por riba. Está toda escrita a man, na primeira páxina pode lerse o título: A ESTACIÓN VIOLENTA. Lanza a libreta cos demais libros.

5 PORTAL MANOEL-RÚAS ZONA VELLA EXT/DÍA

5A. PORTAL MANOEL. Sae. A rúa está mollada pola choiva.

5B. RÚA ESTREITA. Manoel camiña distraído. Vibra o seu teléfono móbil, cólleo con desgana, mira quen chama e colga. Volve gardar o móbil.

5C. PRAZA DE CERVANTES. Cando pasa abrigado baixo os soportais da praza de Cervantes escoita o alboroto duns yonquis por algunha discusión irrelevante.

Míraos curioso e distante ao pasar. Apréciase a falta de dentes, a extrema delgadez, os vestiarios inconsistentes. Algún deles corresponde, recoñecéndoo e alzando un xesto leve.

Manoel baixa a cabeza e continúa o seu camiño sen saudar.

6 RADIO INT/DÍA

Unha oficina de redacción pequena. Hai unhas cantas mesas e ordenadores nos que traballan varios homes e mulleres. Poucos advirten a chegada de Manoel, concentrados no seu traballo ou ignorando deliberadamente a súa aparición.

Ao fondo, nun corredor longo, hai varias cabinas de radio. Manoel pasa por diante e fíxase en concreto no interior dunha delas. ANTÍA (33), alza a vista e saúdao cun sorriso. Ten certo atractivo e unha gran forza expresiva. Manoel obsérvaaa mentres ela volve, concentrada, ao seu traballo de locutora.

7 TERRAZA BAR PISCINA UNIVERSITARIA EXT/NOITE

Protexido da insistente choiva, Manoel está sentado na terraza cuberta dunha cafetería. O camareiro sírvelle unha cervexa.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Manoel bebe coa comodidade que aporta o rutinario. Toma notas nunha libreta. Colle unha servilleta e frótaa entre os seus dedos, este xesto parece relaxalo.

Desiste da escritura e intenta acender un porro, acciona o chisqueiro unha e outra vez, dando caladas. Arredor del hai unhas cantas mesas e sillas de plástico apenas cubertas por un gastado toldo e unha pobre iluminación. El é o único cliente.

Mentres fuma, un grupo de estudantes saen do edificio de enfrente, unha piscina universitaria. Observa con parsimonia cada un dos seus xestos, a forma de recollerse o pelo mollado e a sensación de frío nos seus rostros. Algúns vanse afastando en grupo, outros camiñan de dous en dous cara as súas casas. Daniela (20) está entre eles, pero Manoel non a recoñece, nin se fixa nela. Observa os rituais, as caricias, os bicos, os sorrisos.

8 BAR INT/NOITE

Un montón de xente bebendo e escoitando música. O ambiente non é universitario, hai grupos de xente de entre trinta e corenta anos. Manoel achégase á barra e saúda ao CAMAREIRO (47).

MANOEL

Dante?

A resposta do camareiro é unha mirada ás costas de Manoel. Un home, moi delgado e consumido, aparece entre un grupo de xente uns metros por detrás. É DANTE (50), pese á súa idade viste coma un rapaz, cunha camisa estampada que o fai estrañamente elegante e atractivo. Os seus ollos atópanse cos de Manoel e, sen necesidade de palabras, comezan andar o mesmo camiño. Únense á cola do baño e intercambian algo nun cruce de mans. Catro persoas que saen da porta do baño de mulleres saúdan a Dante cun xesto de cabeza. Manoel e Dante agardan o seu turno e entran xuntos.

9 BAR INT/NOITE

Manoel está rodeado de xente que baila moderadamente con copas e cervexas nas mans ao ritmo dalgún clásico do rock. El non parece coñecer a ninguén, baila só, moito máis enérxico que os demais, golpeando o aire ao seu redor.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

10 RÚAS ZONA VELLA EXT/NOITE

As rúas están húmidas, Manoel camiña con dificultade debido á súa borracheira, tropeza e ráscale un brazo contra unha pedra, só se fai un rasguño. Mira cara arriba.

DÍA 2

11 LUGAR INDETERMINADO EXT/DÍA

Un ave rapaz sobrevoa o ceo.

12 CASA DA PISCINA. SAN VICENTE. (FLASHBACK) EXT/DÍA

Manoel, David e Claudia, caracterizados como "veinteañeros", xunto ao mesmo grupo de amigos da praia, celebran unha festa no xardín dunha casa grande, preto do mar.

Claudia cuchichea con varios amigos entre risas apagadas. Están xunto á piscina. Polo chan e polas mesas hai vasos de plástico e botellas de alcohol e refrescos.

Na outra esquina do xardín Manoel está sentado liando un porro e escoitando a David que toca a guitarra. Cando termina de liar e se dispón a encendelo nota que os seus amigos etán facendo algo raro, achéganse moi despacio, entre risas, escondendo algo. David chama a súa atención, intentando distraelo, pídelles que escoite un novo tema que está compoñendo.

Cando o grupo de amigos está preto David cambia a melodía e comeza a tocar "Cumpleaños Feliz". Todos estoupan cunha gargallada e berran "Felicidades!" desordenadamente.

Claudia móstralle a Manoel un biscoito bastante deforme cunhas velas encima. Manoel sopra as velas. Uns cantos comentan que o biscoito está feito con marihuana. Manoel dálle un mordisco directamente do prato, sen usar as súas mans. A Claudia, que sostén o prato, non lle treme o pulso mentres mira o xesto salvaxe de Manoel, ao contrario, co seu ollar rétao a continuar. Os demais rin, aplauden e comezan a coller trozos de biscoito coas mans.

DAVID

Tamén temos regalos!

Ao escoitar a David, Claudia deixa o prato nas mans dalgún amigo e abaláncase sobre el para quitarlle o paquete de regalo que ten entre as mans. Unha vez logra quitarllo bica a David na boca, simpática, pedindo perdón polo roubo.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Entrega o paquete e Manoel ábreo enseguida. É unha libreta coas tapas de coiro.

CLAUDIA

Para que sigas escribindo sobre nós.

Entre o grupo de amigos alguén alza a voz. David abraza a Claudia cariñosamente dende atrás.

MARTA

Bueno xa está ben! Síntoo Manoel, acabóuseche o protagonismo, é hora de chamar a Dante.

CARLOS

Iso! que se non esta festa é un muermo

13 PORTA LIBRERÍA. CERVANTES. EXT/DÍA

13A. PORTA DA LIBRERÍA.

Sisas, mangas cortas, bermudas, faldas, o alboroto de xente diante de Manoel leva roupa nova para estrenar o verán. Na porta da librería hai un cartel de "COMPRA-VENTA DE LIBROS, CDs, VINILOS". Manoel sae gardando a súa bolsa de tela baleira nun peto do abrigo e cun par de billetes na man.

Camiña entre a xente.

13B. CERVANTES

Manoel continúa camiñando, suda dentro do seu abrigo, rodeado dos turistas que bucean entre os postos de libros arredor da fonte de Cervantes. Detense a ver o escaparate dunha librería e alí atópase co reflexo fugaz de Claudia e David camiñando da man.

Sorprendido, vólvese para comprobar se o que acaba de ver é real. Efectivamente alí están, máis vellos, desdebuxados e deformados, pero en carne e óso. Ela ten o pelo moi curto, teñido, e a primeira vista xa non posúe a beleza da súa xuventude. Hai un trazo de desesperación na súa cara. Está moi fraca e ten a pel pálida, pero aínda é unha muller atractiva. David, pese a ser máis corpulento, tamén está delgado; viste ben, de marca, pero hai algo incoherente no seu vestiario.

Manoel fai como que non os ve e retoma o seu camiño.

13.C RÚA ESTREITA

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Deteno Claudia cando se lanza sobre el para abrazalo. David e Manoel parecen atontados pola sorpresa, en silencio uns instantes antes de empezar a saudarse efusiva e torpemente. Claudia volve colgarse de Manoel noutro inesperado abrazo.

CLAUDIA

Non mo podo crer! Que alegría!

Manoel despréndese do abrazo.

MANOEL

Canto fai que volvistes?

CLAUDIA

Unhas semanas...

DAVID

Claudia quería chamarte pero...

MANOEL

Cambiei de número.

Manoel reláxase un pouco. Comezan a camiñar.

DAVID

Fai calor... ultimamente o tempo...
é moi irregular.

Seguen camiñando nun silencio incómodo.

MANOEL

Entón... París?

Non responden inmediatamente.

DAVID

De aquí para alá... viaxamos moito.

CLAUDIA

Sobre todo David, de xira co grupo.

DAVID

Este regreso é algo temporal.

CLAUDIA

É que... Como pode ser que...?
Dende aquela festa na praia? Seis
anos?

MANOEL

Oito

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DAVID

Igual foi mellor así

CLAUDIA

A ti todo che parece normal

Seguen camiñando durante un longo silencio ata que chegan á esquina da rúa e se deteñen facendo un típico e incómodo xesto de dúbida e despedida, porque aí se separan os seus camiños.

CLAUDIA

Estámonos quedando nunha pensión.

DAVID

É temporal, a pensión é moi cutre... Gustaríame que alquilásemos algo na praia.

CLAUDIA

E ti segues vivindo naquel piso enorme, coa moqueta gris?

MANOEL

Non

CLAUDIA

Pois imos! Quero coñecer o teu novo piso. Estou farta de dar voltas como unha turista.

Claudia non os deixa reaccionar e tira deles.

CLAUDIA

Aínda temos que poñernos ao día!

14 PISO MANOEL. SALÓN-CORREDOR-ESCALEIRAS. INT/DÍA

Manoel está aínda máis incómodo, porque o piso está desordenado e Claudia corre dun lado para outro fisgando nas súas cousas. Camiña nas puntas dos pés como unha bailarina, esquivando todo o que está tirado polo chan.

MANOEL

Perdón por este desastre

Claudia ri. David déixase caer no sofá, aparta uns folios e revistas sobre os que sentou; parece canso.

CLAUDIA

Entón... Fai tempo que non ves a ningún destes?

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Manoel nega coa cabeza. Faise un silencio.

MANOEL

Non sei nada de ninguén dende fai tres... catro anos. Escoitei algunha cousa de Miguel... case nada...

CLAUDIA

Daniela enviounos a noticia co de Carlos e Marta...

Manoel fai un ademán de non saber de quen lle está a falar.

CLAUDIA

Daniela, a irmá de David... Enterarse dunha cousa así por un xornal...

MANOEL

E quen volo ía contar? Desaparecistes

Claudia fala e rebusca entre os libros amontonados.

CLAUDIA

Estiven días chorando coma unha vella. David nada. Cabreouse e non quixo volver falar do tema.

DAVID

Xa estás outra vez...

Claudia e David míranse tensos, pensando a súa seguinte frase, a punto de arrancar unha discusión. Pero un suave movemento de Manoel no sofá chama a súa atención e failles volver á realidade. Ambos desisten.

CLAUDIA

(irónica)

Que alegría vernos, non?
(dirixíndose a Manoel e ignorando a David)
Está enfadado connigo. Non quería que volvésemos.

Claudia abre un libro e divírtese lendo a dedicatoria das primeiras páxinas. Ensínalla a Manoel rindo.

CLAUDIA

Canto tempo!

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

David revólvese no sofá. Abre unha ventá que lle queda detrás e resopla de novo en protesta pola calor. Manoel tamén suda incómodo.

CLAUDIA

E de Dante non sabes nada?

Créase un profundo silencio e a incomodidade faise máis evidente. Claudia avergónzase e disimula o seu interese, mentres que David fai visible o seu nerviosismo e se levanta.

MANOEL

Non, tamén hai moito que non o vexo... Din que anda "destruíndose"

CLAUDIA

O eterno profesor de francés...
(imitando o tono do profesor)
"Estamos condenados a destruírnos"

DAVID

(En plural, pero dirixíndose a Claudia)

Nin o recoñeceríades, seguro. Será un vello ionqui, nada máis.

(facéndolle un xesto a Claudia)

Imos, tes que descansar. E Manoel terá que ordenar isto.

Claudia anda sen présa e detense xunto á mesa onde está o ordenador de Manoel.

CLAUDIA

Segues escribindo?

MANOEL

Traballo para un xornal. E colaboro na radio.

CLAUDIA

Entón escribes.

Manoel fai un xesto desganado, aceptando a afirmación de Claudia.

MANOEL

E ti, escribes?

CLAUDIA

Bueno... Xa sabes... Escribo, canto, fago garabatos... Non teño tempo para tomarmo en serio.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Claudia interrompe o seu discurso en seco e mírao de arriba abaixo.

CLAUDIA
Estás quedando nos ósos.

Van avanzando polo corredor cara a porta de saída, encabezados por David.

CLAUDIA
Quedaremos todo o verán. Chámanos.

DAVID
Si, iso, poderíamos quedar e vernos outro día... Pode que non faga tanta calor...

Manoel asinte con desgana. Claudia despídese cun bico e un abrazo. David sae sen mirar atrás. Manoel escoita os seus pasos baixando as escaleiras e o portal pechándose. Por uns momentos permanece atontado na porta. Despois escoita a voz de Claudia berrando o seu nome dende as escaleiras.

Claudia chámao correndo escaleiras arriba. Manoel obsérvaa chegar cansa e divertida, tratando de tomar aire e falar á vez.

CLAUDIA
Como estou! Esquecéusenos darche o número de teléfono. A ver, déixame o teu móbil.

Manoel saca o teléfono do bolsillo e entrégallo. Claudia anota e garda o seu número.

CLAUDIA
Teño que contarche algo. David e máis eu finximos que non pasa nada, pero iso non o cambia...

Téndelle o móbil de volta a Manoel.

CLAUDIA
Sabes? Tes un sorriso moi triste, Manoel.

MANOEL
Ti tamén, Claudia. Tes un sorriso moi triste.

A Claudia cóstalle responder.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

CLAUDIA

Volvemos porque vou morrer, amor.
En tres ou catro meses. Quero
respirar isto outra vez...

MANOEL

Non, non mo creo. Ti tamén?

CLAUDIA

Ti tamén... Ten gracia.

Manoel non reacciona.

CLAUDIA

Quixen pasar aquí o último verán,
rodeada do que me fixo feliz.
Costoume traballo convencer a
David, pero non podería telo feito
sen el.

Claudia sorrí tenramente e bica a Manoel na meixela. Dende o portal escóitase a David. Claudia comeza a baixar alegremente as escaleiras.

Manoel permanece parado espiando os sons que chegan da rúa e repara atentamente en como se esfuman os restos da presenza dos seus amigos, ata que non escoita máis que os ruídos anónimos de sempre.

15 PISO MANOEL. HABITACIÓN INT/DÍA

A habitación está escura, un feixe de luz debuxa formas que tremen na parede. Manoel está sentado pensando. Bebe unha cervexa. Na mesa fronte a el hai catro botellas baleiras. Fuma. Algo pasa pola súa mente que fai que se levante e comece a buscar entre as pilas de libros. Colle o caderno con tapas de coiro, o regalo dos seus amigos. Está cheo de polvo. Límpao levemente. Pasa páxinas para adiante e para atrás e le:

"A VECES PREGÚNTOME PARA QUEN FOMOS IMPORTANTES, QUEN NOS QUIXO, OU QUEN QUIXO QUERERNOS."

Senta co caderno e colle o ordenador, encéndeo. Crea un arquivo e escribe en maiúsculas "A ESTACIÓN VIOLENTA". Dentense, mirando á pantalla en branco e ao caderno. Non logra escribir máis.

Mírase nun espello grande colgado xunto á mesa. Analiza o seu rostro detidamente, recórreo coas súas mans. Con certa preocupación fíxase nun lunar do seu brazo.

Co rostro pensativo érguese e asómase á ventá.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

16 LUGAR INDETERMINADO EXT/DÍA

Un ave rapaz sobrevoa o ceo.

DÍA 3

17 TERRAZA BAR PISCINA UNIVERSITARIA EXT/ANOITECER

Manoel toma unha cervexa no mesmo bar fronte á saída da piscina universitaria. Fuma mentres fai como que escribe nunha libreta. A terraza está baleira. Un rapaz con cazadora de coiro fuma apoiado nun coche e mira con desconfianza para el.

O equipo de natación sae da piscina como de costume, co seu pelo mollado, os seu sorrisos, os seus bicos e despedidas. Daniela chama a súa atención, mírao e sorrí como se o coñecese. Manoel non pode disimular o seu desconcerto. O rapaz da cazadora achégase e bícaa. Os dous camiñan da man ata o coche e marchan.

Manoel trata de volver á libreta, escribe algo, pero enseguida se desespera e o tacha.

18 BAR. BAÑO. INT/NOITE

Manoel e Dante están xuntos no baño, preparan unhas raias. O home, de pé, observa para Manoel con ansiedade.

DANTE

É certo iso que escoitei...
Volveron os teus amigos?

MANOEL

De quen me falas?

DANTE

David e Claudia.

Manoel intenta disimular a súa incomodidade. Dante aprémiao, ansioso pola información.

DANTE

Entón?

MANOEL

Tamen escoitei ese rumor.

DANTE

Pero non os viches?

Manoel nega sen mirar para el, ocupado esnifando.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

Por que? Ti que sabes?

DANTE

Nada, nada, curiosidade... Hai tanto que non os vemos.

MANOEL

É mellor así

Manoel encóllese de ombros. Dante estúdiao cun sorriso de desprecio.

DANTE

Ten coidado con todo ese rencor. Falo dende a experiencia.

Alguén chama repetidamente na porta.

CAMAREIRO (OFF)

Dante!

DANTE

Que queres?

CAMAREIRO (OFF)

Búscante aí fóra.

Dante non fai caso do exterior e observa a Manoel, progresivamente drogado.

DANTE

Se ves a Claudia dalle un saúdo da miña parte.

MANOEL

Non creo que o faga.

Dante lanza unha mirada amenazante a Manoel. Volven chamar á porta, Dante ponse en movemento, quita a pechadura e sae.

DÍA 4

19 PISO MANOEL. HABITACIÓN INT/DÍA

Manoel coa mirada perdida nos debuxos que as persianas e a luz fan sobre a parede. Soa o teléfono, ao principio non o colle nin reacciona, como se non o sentise. O móbil segue soando, cólleo e despois de mirar quen chama colga. De alí a pouco tempo o teléfono volve soar, Manoel acaba por collelo e contestar. É unha chamada da súa nai, Manoel escoita con desgana.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

Moi ben, pois ten unha boa viaxe

(...)

Non, desa editorial non
contestaron.

(...)

Cartos non necesito, mamá

(...)

Si, estupendo. Veña, un bico.

Manoel colga apuradamente.

20 RÚAS ZONA VELLA-PORTAL MANOEL. EXT/DÍA

20A. PORTAL MANOEL.

Manoel sae do seu portal.

20B. RÚAS ZONA VELLA.

Manoel camiña polas rúas de Compostela.

21 CABINA RADIO INT/DÍA

Antía cala concentrada diante dun micrófono. Sona unha sintonía. Ela fixa a mirada no outro lado do cristal, no xesto que lle fai o técnico e na luz vermella que se encende indicando que debe comezar a locución.

ANTÍA

Bos días, arrincamos como todos os xoves a sección de escritura creativa do programa. Hoxe temos moitos relatos para ler das oíntes e dos oíntes do programa. Recórdovos que o tema desta semana, o tema seleccionado por vós para inspirar estes relatos foi: o coche.

Fai un xesto de burla ante a simpleza do tema. Manoel está sentado fronte a ela, diante doutro micrófono. Non logra reaccionar con naturalidade ao guiño de Antía.

ANTÍA

Antes de ler as vosas creacións imos escoitar a proposta do profesional. Manoel, bos días.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Manoel agarra forte uns papeis nas súas mans. Tarda en responder.

MANOEL

Bos días.

ANTÍA

Manoel, xornalista e escritor a piques de editar o seu primeiro libro de relatos...

Manoel interrómpea negando coa cabeza. Antía fai unha pausa, pero continúa.

ANTÍA

... Manoel é o encargado de seleccionar de entre os relatos recibidos aqueles que leremos no programa. Ademais cada semana, inspirado por vós e polos vosos temas, tráenos un relato propio. O de hoxe titúlase: A Liña no Deserto.

Comeza a soar música. Apágase o indicador vermello enriba deles. Os micros están pechados. Antía fala con Manoel.

ANTÍA

A editorial botouse atrás?

Manoel míraa encolléndose de ombros resignado.

ANTÍA

Tamén vin o fallo do premio... Para a próxima seguro que...

A luz volve encenderse, a música vai baixando, Antía recupera a tensión e indícalle a Manoel coa man que comece a ler. Manoel tarda en recuperar a concentración. Fixa a vista nos seus papeis e despois dunha pausa comeza a ler en voz alta.

MANOEL

Colles o coche. Conduces cara o sol. Baixas o cristal e o vento frío e claro esperta a túa pel. Na radio os Crusaders cantan Street Life ao ritmo da paisaxe. Diante solamente dúas liñas: a liña do horizonte, separando o azul do amarelo, e a liña do asfalto. O punto onde se cruzan é o teu destino. Tes o que precisas: a túa

(MORE)

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL (cont'd)

roupa, as botas de coiro, unhas
chaves, apenas sete euros en moedas
e a foto dunha rapaza á que nunca
chegache a coñecer. E o coche
branco sucio, voando a dous
centímetros por riba do asfalto.
Aos lados corren veloces as casas
alaranxadas, cara atrás, directas
ao olvido. A casa da túa avoa, a
casa da túa infancia e a de teus
pais, a casa da túa tía, ao lado da
praia, e tamén a praia queda atrás,
e o piso de Santiago, o de Sevilla,
o de Granada e o de Burdeos. Atrás
queda quen eras, todos eses que
foches. Avanzas e non consegues
recordar a túa primeira vez, a cara
da túa avoa ou a de túa nai, nin a
de aquela muller que quixo quererte
unha vez. Agora eres os ollos que
reflexa o retrovisor e o pé que
pisa forte a palanca de fuxida. Un
coche azul escuro avanza no sentido
contrario. Cando vos cruzades,
capturas o instante como nunha
instantánea. Conduce unha muller
sola. A súa longa melena rizada e
negra axítase coma as algas coas
ondas, ingrávida. Chora. Pronto
descubrirá que esta estrada é
soamente de ida. Xa non hai casas.
Todo é máis sinxelo, máis puro. O
sol mira de fronte e ofrece unha
nova cor. A cor que levas buscando
dende sempre. A que non atopabas na
túa vida de educación e cervexas,
de conversación e cariño.
Necesitabas algo máis, non mellor,
nada seguro, pero algo distinto.
Esa cor. Chegarás onde o asfalto
desaparece na area. Camiñarás sen
rumbo e ese será o teu novo camiño.
Pasarás frío e fame, e iso darache
a vida. Descansarás entre as ramas
da árbore seca, ao lado da duna de
formas imposibles. Pode que non
sobrevivas, pero para nacer debes
arriscarte. Haberá xente que chore
a túa marcha, algúns horas, outros
semanas, ata que un día deixarán de
facelo porque sentirán que xa non
lles pertences. Se decides vivir,

(MORE)

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL (cont'd)

escollerás o teu novo camiño á mañá seguinte, cara o sol ou a súa sombra. Coñeceraste cada día, olvidando o eu do día anterior, vivindo no segundo presente. Serás a liña no deserto. É o que ti escolleche. Pero iso ti aínda non o sabes, así que subes a música e aceleras.

(Texto de Ángel Filgueira)

Manoel ergue unha mirada decepcionada e cansada ao rematar.

22 RÚAS ZONA NOVA. EXT/NOITE

A rúa é ruidosa, pasan coches e xente. Antía fala emocionada, Manoel sorrí e míraa con admiración.

ANTÍA

(...)

En serio, é un festival único. Intentarei conseguir pases de prensa.

Manoel tropeza co seu propio pé e case cae, pero Antía axúdalle a recuperar o equilibrio. El sorrí timidamente e baixa a vista. Antía non deixa de falar.

ANTÍA

Queres que che consiga un pase de prensa? Cubrir festis é o único bo de currar no verán.

Manoel garda silencio.

ANTÍA

Ei, pásache algo? Ultimamente... Non sei... Os teus relatos, e ata os artigos ... Son máis cínicos que de costume.

Manoel ri e nega coa cabeza, pero non contesta.

ANTÍA

Entendo que a situación é moi precaria. Non sei como te tratan no xornal, supoño que as circunstancias serán semellantes... Pero o programa funciona, escóitanos máis xente da que pensas.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

O programa funciona e ten oíntes
gracias a ti. A sección de
escritura creativa... bueno,
gracias por seguir empuxando
dela. Non da para moito pero...

ANTIA

Polo menos así escribes.

MANOEL

Para escribir iso mellor era non
escribir nada.

ANTIA

A min gústame.

Manoel límítase a negar coa cabeza, desinflándose e
agochándose cada vez máis dentro do abrigo. Chegan ata o
portal en silencio e ela detense. Cruzan un par de miradas
incómodas.

ANTÍA

Queres subir?

MANOEL

Subir o que?

ANTÍA

Podo ofrecerche unha copa.

MANOEL

Creo que non serviría de moito.

ANTÍA

Perdoa. Que parva.

MANOEL

Non... Non digas iso. É cousa
miña... O certo é que non...

Non se esforza en rematar a frase. Antía está incómoda.

ANTÍA

Que non che interesa. Xa.

Antía dalle as costas e busca as chaves no bolso. Intenta
abrir rápida, pero as chaves trábanselle e a situación
alóngase demasiado.

ANTÍA

Ai que carallo...

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Manoel queda alí sen falar. Mira para ela ata que desaparece no interior do portal.

23 RÚAS ZONA VELLA. CALEXÓN ESTREITO. EXT/NOITE

Manoel camiña ao longo dun estreito calexón con edificios de pedra aos lados. Golpea a parede co seu puño ata sangrar.

24 PORTA BAR. EXT/NOITE

Na porta do local de sempre hai varias persoas fumando. Manoel camiña inquieto, achégase a eles e pregúntalles algo, responden sinalando o interior do local. Manoel entra sen pensalo dúas veces.

DÍA 5

25 SALÓN- CORREDOR. PISO DANTE. INT/DÍA

Un gato branco roza as pernas de Manoel á altura do tornecelo, este esperta de golpe nunha butaca, espido. Manoel espanta ao gato e percorre o espacio coa mirada. Un salón vello e húmido, de teitos altos e desordenado. Soamente hai dúas butacas e libros por todas partes, sobre todo apilados no chan.

Manoel xoga co gato, pero este enseguida o rabuña. Manoel érguese, incómodo, e vístese. Recorre a casa con andar inseguro, é a primeira vez que está alí.

Ábrese unha porta e sae un chaval duns 25 anos espido, cruza o corredor ata o baño.

Nunha das paredes colgan numerosos marcos de fotos, pero todos están baleiros, algúns aínda conservan o cartón posterior que axuda a dar estabilidade ás fotos, pero non hai ningunha imaxe. Ao fondo do corredor hai un pequeno moble moi ben ordeado que chama a atención de Manoel.

Dende a porta entornada da habitación chega a voz de Dante.

DANTE (OFF)

Trae auga!

A porta do baño está aberta e Manoel pode escoitar e ver ao chaval mexando espido. Pasa por diante do baño e da habitación e marcha, incómodo.

26 PORTAL DANTE - RÚAS ZONA VELLA-PORTAL MANOEL. EXT/DÍA

26A. PORTAL DANTE

Manoel sae, segue co seu abrigo negro, demasiado abrigado para a calor que fai, sudando e con aire fatigado.

26B. RÚAS ZONA VELLA. CERVANTES

Camiñando de regreso ao seu piso, Manoel descubre a Claudia que camiña na mesma dirección ca el. Frena para non chegar onda ela e cambia de camiño para evitala.

26.C RÚAS ZONA VELLA. RÚA DA OLIVEIRA

Camiña por ruelas estreitas e solitarias.

26D. PORTAL MANOEL

Pero cando chega ata o seu portal, Claudia está alí esperando por el. Duda se dar a volta. Finalmente decide achegarse.

Un can moi grande está a carón de Claudia e ela, acariñándoo sentada no portal, parece aínda máis pequena.

Recíbeo cun sorriso amplo e salta para darlle uns bicos, pero Manoel non parece con demasiadas ganas de socializar. Ela senta cansa e volve xogar co can. Viste un vestido sen mangas, pero leva unha chaqueta de punto e manga longa por riba.

Un señor maior dobra a esquina e chama polo can, que acude rapidamente.

MANOEL

Pensei que por fin cambiaras a David por un can.

CLAUDIA

Así saúdas?

Claudia ponse en pé.

CLAUDIA

Veña, imos, invítote a tomar algo.

27 CAFÉ LITERARIOS-TERRAZA. INT-EXT/ DÍA

Claudia e Manoel están sentados un ao lado do outro fronte a unha gran fiestra. A través do cristal vese unha terraza e unha praza cheas de xente, a pleno sol. Eles, aínda na sombra do interior do bar, parecen agobiados coa calor. Pero ningún se quita a chaqueta.

O camareiro sirve dous whiskys cortos. Mira para Manoel buscando a súa aprobación pola cantidade, pero Claudia pídelle que bote un pouco máis case sen mirar para o vaso.

Na terraza unha parella reconcíliase tenramente dunha disputa. Claudia non deixa de miralos e Manoel aproveita para observar a Claudia detidamente e sen disimulo.

CLAUDIA

(amable)

Imos falar? Ou prefires seguir só mirándome? Teño moito que contar. Toda unha historia a miña... Con moito drama, como a ti che gusta.

MANOEL

Xa o sei todo sobre ti. Eres a miña orfa preferida...

Claudia ri e inmediatamente dá un largo trago á súa copa.

MANOEL

Gústanche as uvas, os abrazos de David que estalan os ósos, as cinco da mañá, imaxinar á túa nai... e extrañar cando estás triste ao teu pai coma se el, por abandonarte, puidese resolvelo todo.

Claudia mantén o seu sorriso melancólico mentres escoita e asinte. Alza o seu whisky e entorna os ollos mirando ao centro do sol.

CLAUDIA

Recordas que dicían que ti e máis eu nos parecíamos, que eramos a mesma persoa...

Claudia pousa a súa mirada na parella de fóra que continúa o seu xogo de miradas e disculpas.

CLAUDIA

Críamos que eramos diferentes aos demais. Eramos como unha desas águas que sobrevoan a terra sen

(MORE)

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

CLAUDIA (cont'd)
saber que hai xente debaixo que as
mira, que incluso as quere.

Agora é Manoel o que bebe, ensimismado.

CLAUDIA
Aquilo de crernos inmortais...
Estásenos acabando moi rápido.

Claudia intenta retomar a conversa.

CALUDIA
E ti que fixeches todos estes anos?
Algo terás que contar...

MANOEL
(alzando os ombros)
Non te creas que...

E ti estabas ben en París?

Unha muller maior senta nunha das mesas da terraza. Está
esaxeradamente maquillada.

CLAUDIA
Agora non estou ben en ningures...
Pero París tivo os seus momentos.
Os pais de David deixaron de mandar
pasta en canto se enteraron de que
eu estaba alí con el... Así que eu
tiña un traballo, David ao seu
grupo... tamén din algúns
concertos.

MANOEL
Soa ben

CLAUDIA
Paseino moi mal... Case todo mo
busquei eu mesma, non o vou
negar...

A parella levántase e marchan xuntos da man. Claudia ráscase
insistentemente os brazos, nerviosa. Logo sorrí recordando
algo.

CALUDIA
O peor do tratamento era que te
deixaba sen líbido. Non te podes
imaxinar o que é iso.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

Fágome unha idea.

O xesto de Claudia volve cambiar a unha expresión severa.

CLAUDIA

Prometín estar esperta toda a xuventude e despois durmir todo de golpe, acórdaste? Empeza a apetecerme durmir.

MANOEL

Que vai pasar con David?

Claudia dá un respingo, incómoda, intenta falar pero nada lle sae.

MANOEL

Volviches aquí por Dante?

CLAUDIA

Que? Non, non. O de Dante foi algo animal. A seducción do contraste. Un home sen pasado que só cre no sexo e nos libros...

O camareiro atende á muller maior. Ela mira o reloxo, logo saca do bolso un pequeno espello e comeza a espovorearse con máis maquillaxe.

CLAUDIA

Mira que nubes máis bonitas alí... Que culpa podía ter eu? Estaba monísimo cos seus ósos ao aire e ese cheiro a mexo. Non estaban todas namoradas del?

MANOEL

Non fai falta que te xustifiques.

Beben os dous. Claudia especialmente. O camareiro abre concienzudamente dende dentro tódalas ventás do bar para airear. A mirada de Claudia vólvese grave de súpeto.

CLAUDIA

Non tes dereito a facer reproches.

Manoel suspira, nega coa cabeza e levanta as mans en xesto pacífico. Pero Claudia xa segue.

CLAUDIA

(desafiante)

Algunha vez te atreviches ti a fuxir?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

(...)

E como sei o que andas pensando:
non, non vou ver a Dante. Pertence
a un pasado que me fixo rir.

Apura o whisky. Suda. Báixase as mangas da chaqueta que se remangara durante a breve discusión e érguese. A Manoel apenas lle da tempo de ver as pequenas marcas no interior do seu brazo.

CLAUDIA

É tarde. David pode preocuparse.

Manoel mira a Claudia no exterior a través da ventana. Ao saír queda por un momento exposta ao sol, baixo unha claridade cegadora.

28

PRAZA DA QUINTANA

EXT/DÍA

28A. Camiñan languidamente gozando do efecto do alcol. A luz é delicada e cálida a esa hora da tarde e refléxase nas pedras da cidade. Claudia tropeza torpemente cunha das pedras do chan da praza e ten que apoiarse na parede do convento para non caer. Detense e apoia as súas costas contra as pedras quentes do alto muro.

28B. (mirada manoel) Manoel fíxase nun grupo de tres persoas que se afasta, non aparta a vista deles ata que se converten en puntos minúsculos, iguais, desenfocados no horizonte. A praza e a terraza están case baleiras.

28A.

CLAUDIA

Por que non pasamos o verán xuntos?
Divertirémonos coma antes. Podo
presentarche á irmá de David. Non
te acordas dela? Daniela, a
pequena.

Claudia bota a andar de novo.

CLAUDIA

David quere que vaíamos á costa...
Pero a min non me importaría quedar
en Santiago.

MANOEL

Santiago é unha tumba.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

CLAUDIA

Virás ao meu enterro?

MANOEL

Non vou a enterros, Claudia.

29 RÚAS ZONA VELLA. MOEDA VELLA. EXT/DÍA

Camiñan agora por un calexón ao longo da Hospedaría de San Martín Pinarío.

29A. (Insero) As gárgolas do edificio recórtanse contra a fermosa luz do ceo.

Unha muller alta e loira, claramente estranxeira e con pinta de turista mira a todos lados fascinada coa beleza da cidade. Detense para facer unha fotografía co seu móbil. Uns pasos por detrás dela vai unha nena. Claudia achégase á pequena e dille algo, agarímaa e diríxelle unhas verbas cordiais á muller. Manoel obsérvaa mentres a luz do sol lle cega os ollos, decátase de que falan francés.

Claudia volve camiñar xunto a Manoel cun ollar feliz e relaxado.

CLAUDIA

Mentinche. Estiven con Dante.
Quixen velo unha vez máis. É
soamente outra adicción... Agora
dime, por que deixaches de
escribir?

MANOEL

Abúrrome. Non teño nada sobre o que
escribir... Dende que marchastes.

Despois duns pasos en silencio levántase unha leve brisa e Claudia alza o mentón ao ceo, intentando atrapar un olor, nótase que lle resulta familiar. Exclama alegre.

CLAUDIA

Unha vez máis... Xa está aquí: o
verán, a estación violenta.

30 PISO MANOEL. ESCALEIRAS-HABITACIÓN INT/DÍA

Manoel sube as escaleiras ebrío e aturdido. Ao chegar fronte á súa porta dáse conta de que xa está entreaberta. Cando se achega para miralo detidamente descubre que a pechadura está rota, colgando.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Unha débil luz chega do interior. Sorprendido, pero sen mostrar temor, abre a porta. Descubre a Dante sentado á mesa do escritorio.

MANOEL

Podías chamar á porta

DANTE

Cansei. Pronto, é certo. Cría que non querías abrimme.

Manoel fai un xesto de incredulidade e noxo.

DANTE

Mentíchesme.

MANOEL

Pareces miña nai.

DANTE

Cría que a estas alturas xa tiñamos algo máis de confianza.

Manoel senta na cama.

MANOEL

Tes drogas... Esa é a única razón da nosa relación.

DANTE

Dille que quero volver vela.

MANOEL

Dillo ti. Que queres, Dante?

DANTE

Non sei como atopala
(en tono de burla)
Non queres deixarme ser feliz?

MANOEL

Nin o vas a ser nin vas facer feliz a ninguén.

Manoel érguese e camiña ata o outro extremo, mira pola fiestra.

MANOEL

Está a morrer...

Dante solta unha gargallada.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DANTE

Coma todos...

MANOEL

Aquí, agora. Un cáncer ou... Eu que sei...

Manoel di estas palabras sen mirar para Dante. Este tómase uns segundos para asimilalas, sen saber que dicir.

MANOEL

Non te preocupes, non vas ter que afrontalo. Podes seguir coa túa vida de fantasma como ata agora. Non quero volverte a ver. E Claudia e David... espero que vaian pasar o verán á costa lonxe de ti e de min.

Danteponse en pé sen pronunciar unha palabra e sae.

DANTE

(sinalando a porta)

Arregla isto, non vaia ser que entre alguén.

Manoel queda xunto á ventá, coa mirada perdida no exterior.

DÍA 6

31 PRAIA SAN VICENTE -(FLASHBACK) EXT/NOITE

No medio da praia unha fogueira e ao seu redor un grupo de xente baila con copas nas mans. Manoel, caracterizado de veinteañero, camiña entre a xente. É o mesmo grupo de amigos, Manoel parece buscar a alguén. Por fin ao lonxe, fóra do grupo, atopa á xoven Claudia. Camiña na súa dirección ata que se decata de que vai da man de Dante; Manoel detense e observa como os dous desaparecen na escuridade. Manoel vólvese e atópase de fronte ao grupo de amigos formando, alegre, un corro en torno a David, felicitándoo, bailando con el entre risas.

CARLOS

Pedazo festa que organizastes
Claudia máis ti! Que pena que
marchedes, joder!

MARTA

Nin caso. Seguro que vos vai
xenial!

Desconcertado Manoel crava a mirada en David, este devólvelle unha mirada alegre e pásalle unha copa.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

32 PISO MANOEL. HABITACIÓN INT/DÍA

No ordenador o arquivo da estación violenta está aberto. Podemos ler parte do texto. Manoel está sentado na súa cama cun caderno ao seu carón. Non fai nada, só mirar a un punto fixo. Sona o seu teléfono móbil. Levanta a cabeza e búscalo coa mirada, non o atopa, incorpórase lixeiramente e remexe coa man a súa mesilla. Segue sen atopalo. Déitase de novo, mirando concentrado a pantalla do ordenador.

33 BAR INT/DÍA

O local de sempre, aínda acaba de abrir. O camareiro está colocando as sillas cando Manoel se achega a el.

CAMAREIRO

Como vas?

MANOEL

Pois aquí...

CAMAREIRO

Que che poño?

MANOEL

Nada... Xa marchou

CAMAREIRO

Ías fino o outro día... Pero xa vexo que estás ben.

MANOEL

Estupendamente. Sabes quen ten algo?

CAMAREIRO

Non. Pregúntalle ao francés, sabes que ese sempre ten.

Manoel non parece conforme coa información.

MANOEL

Xa... Non se che ocorre ninguén máis que poida ter?

CAMAREIRO

(repetitivo)

Se alguén ten é el.

MANOEL

Xa, claro...

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

CAMAREIRO

Cóidate! A ver se quere compartir contigo. Porque para el seguro que ten.

Manoel xa sae sen facer caso cando o camareiro volve ao seu.

34 EXT BAR -RÚAS ZONA VELLA - CERVANTES EXT/DÍA

34A. EXT BAR. Manoel camiña contrariado. Sae do bar e percorre as rúas habituais.

34B. RÚAS ZONA VELLA. ENTREMURALLAS. Ao dobrar unha esquina atópase a David sentado solo no interior dunha cafetería. Ten a mirada baixa, clavada no seu prato, onde un bocadillo está enfriando.

Manoel, ao fixarse na expresión avergonzada e triste de David, decide seguir o seu camiño intentando non ser visto.

35 PRAZA DE CERVANTES EXT/DÍA

Baixo os soportais da praza de Cervantes, o mesmo grupo de ionquis. Manoel mira para eles un instante, achégase e comeza unha conversa. Dende a distancia non se escoita o que falan. Uns negan coa cabeza, outros non paran de falar á vez e cada un sinala en direccións opostas.

DÍA 7

36 TERRAZA BAR PISCINA UNIVERSITARIA EXT/DIA

O nome de Manoel escrito infinidade de veces nunha libreta. Na mesa hai un par de botellas baleiras de cervexa. Está na mesma terraza, baixo o mesmo toldo, fronte á piscina. Viste o seu mesmo abrigo de sempre. Non hai ninguén máis na terraza e pouca xente pasa por alí. O equipo de natación e Daniela non saen esta vez da piscina.

Escribe moi concentrado nunha libreta o seu nome repetidas veces, primeiro máis rápido e logo con calma, concienzudamente.

DÍA 8

37 PISO DANTE. PORTA-CORREDOR INT/DÍA

Manoel chama insistentemente á porta. Ninguén contesta nin se escoita ruído no interior.

Finalmente, Dante abre a porta, medio espido, cunha bata cotrosa cubríndolle o corpo.

Manoel pasa sen solicitar permiso, apartando lixeiramente a Dante.

DANTE

Xa me estou arrependido de abrir.

MANOEL

Non te creas que eu quería vir.

DANTE

Entón, que queres?

MANOEL

Necesito... Calquera cousa.

Dante asinte e déixalle pasar.

DANTE

Pero non podes quedar aquí.

Dante desaparece na súa habitación. Manoel non responde, contrariado.

Camiña polo corredor, volvendo a ver con curiosidade os marcos de fotos baleiros. Volve fixarse tamén no aparador ao fondo do corredor. Agora hai unha caixa enriba que chama a súa atención. Achégase e ábrea. Hai unhas docenas de fotografías que poñen a Manoel nervioso. Mira cara a habitación por se Dante regresa. O único que percibe é que hai alguén con el, pode escoitar as voces e risas. Dante fai calar a voz feminina, que intenta agantar a risa, parece estar colocada.

Manoel colle as fotos e comeza a miralas. As primeiras son fotografías en branco e negro de Dante con aspecto moito máis xoven e saudable, sorrindo a cámara. Outras mostran a unha muller duns vinte ou trinta anos, atractiva pero dunha beleza escura. Outra da mesma muller ensinando orgullosa a súa barriga de preñada. Algunha máis retrata a Dante e á muller, excesivamente fraca, cunha nena duns tres anos nunha paisaxe de costa; todos miran a cámara sorrindo, pero algo escuro está presente na fotografía. Manoel examina a mirada de Dante e o aspecto consumido no rostro da muller.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Nese instante, volve sentir a Dante falando dende a habitación, estase achegando á porta. Deixa precipitadamente as fotos de calquera xeito, tratando de recompoñerse e disimular.

Dante sae da habitación e achégase a Manoel. Entrégalle unha bolsiña.

DANTE

Tes sorte, hai dous tipos de ionquis. Os que consumen a diario e os que o fan explosivamente. Es afortunado de ser dos segundos.

Sen querer advirte detrás da figura de Dante, pola porta entornada, a silueta dunha muller espida que atravesa fugazmente o seu campo de visión.

DANTE

Agora largo...

Manoel mira furtivamente ao seu redor. Sobre unha silla recoñece o vestido de Claudia o día do portal. Diríxese á porta e sae.

DÍA 9

38 PISO MANOEL. HABITACIÓN. INT/DÍA

Manoel durme espido. Entre as cortinas da súa habitación cólase a forte luz do mediodía.

A porta ábrese e entra David nervioso.

DAVID

Esperta. ¡Vístete!

Manoel abre un ollo e mírao con extrañeza e cansancio.

MANOEL

Que fas?... Como entraches?

DAVID

Deberías arreglar a porta

Manoel resopla cansado e volve pechar os ollos. David observa o desorde.

DAVID

Levo varios días chamándote

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

Non sei onde está o móbil.

Busca na mesilla de noite de Manoel. Baixo unha libreta atopa o móbil, xunto a unha bolsiña case baleira con restos de polvo branco.

DAVID

Ti tamén... Deberías deixar iso.

Colle o móbil e curioseoa nel.

DAVID

Tes mensaxes da túa nai e chamadas da radio e do xornal. Que queres, que te despidan?

Lanza o móbil á cama, sobre Manoel. A única reacción deste é xirarse para o outro lado, ben enroscado na sábana.

DAVID

Veña vístete.

MANOEL

Para que

David tira da sábana de Manoel, que se encolle tratando de evitar o frío repentino.

39 CASA PISCINA. SAN VICENTE. EXT/DÍA

Manoel aparca o coche. David baixa, camiña ata a porta e entra.

Manoel segue contemplando a casa, dende o coche e con reticencias ao principio, pero acaba por baixarse e asomarse ao enreixado que a rodea. Fíxase no céspede, nas flores e as súas macetas e no brillo da piscina. É o mesmo chalet no que celebraron o seu aniversario, moito tempo atrás.

Sinte a porta abrirse e ve sair ao seu amigo. A Manoel parécelle que David vai encollendo cada vez máis, a ese corpo que camiña ata o coche quedalle pouco da forza que tivo na súa xuventude.

40 CAMIÑO. SAN VICENTE. EXT/DÍA

Sentan con familiaridade apoiando as costas nun muro de cemento cuberto de graffitis. Dá a sensación de que sentaran aí miles de veces antes, un lugar habitual de xuntanza.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DAVID

Tiña que velos. Necesitamos os cartos. Quero que alquilemos unha casa por aquí, xunto á praia. A Claudia vaille axudar...

Manoel finxe non darlle importancia ao que escoita e segue tomando algunhas notas.

DAVID

Prometín intentalo de novo coa música... en París... E deixar a Claudia nuns meses... A cambio adiantaranme a herencia.

Manoel deixa de escribir, molesto pola interrupción.

DAVID

Aquí atopei a Claudia o día seguinte a aquela festa na praia.

MANOEL

Si, foi a última vez que nos vimos. A festa de despedida...

DAVID

Xa deixou de importarme... Todo o mundo sabe que Claudia me engana. Non sei se deixou de facelo algunha vez. O amor non é o noso problema. Temos outras preocupacións, todos nós... Non sei cales son... Pero témolas, senón non seríamos tan

DAVID

En París as cousas foron ben durante un tempo. Quería coidala, pero o diñeiro foise acabando...

MANOEL

(resoplando)
O diñeiro...

DAVID

E logo a enfermidade... Se se coida, se volve ao tratamento, pode curar. Ela é moi forte.

MANOEL

Estamos falando de Claudia...

Os dous calan. Ao lonxe fronte a eles está o mar.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DAVID

E a túa nai, que tal está?

MANOEL

Joder David! Eu que sei. Por aí, de viaxe.

DAVID

Cando falo da casa na praia, tamén falo de ti. Estiven dándolle voltas... Eu non quería volver, pero agora doume conta do que buscaba Claudia aquí... Hai tanto por recuperar...

Manoel mira a David aos ollos, pero enseguida aparta a mirada e continúa falando coa vista no chan.

MANOEL

Non hai nada que recuperar... Marchastes, non un ano nin dous...

DAVID

Non estás ben...

David intenta achegarse e poñerlle unha man no ombro, pero Manoel rexeita o xesto e apártalle a man con violencia.

MANOEL

Claudia non quere recuperarse. E eu non penso quedar para ver como morre.

David salta e enfróntase a Manoel con certa violencia, agárrao polo abrigo, pero logo pénsao mellor e acouga.

DAVID

Solo digo que a todos nos sentaría ben un descanso, xuntarnos e falar... Claudia está preocupada por ti.

MANOEL

Pois puido preocuparse antes. Non quero volver a vervos!

Manoel afástase torpe e violentamente.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

41 CAMIÑO XUNTO AO MAR. SAN VICENTE. EXT/DÍA

Manoel vai acelerado por un camiño de terra, enganándose continuamente nos toxos. Chega fronte ao mar e acouga. Senta.

DÍA 10

42 ESTRADA COMARCAL DAS RÍAS BAIXAS. EXT/DÍA

Un animal morto atropelado na beiravía.

43 COCHE. ESTRADA COMARCAL DAS RÍAS BAIXAS. INT-EXT/DÍA

O coche vai moi cargado de bolsas e maletas. Manoel conduce, Claudia e David contemplan a paisaxe. Escoitan na radio o programa de Antía. Fala con Oliver Laxe sobre os innumerables incendios dese verán e sobre a película que está a facer sobre o tema. Claudia abúrrese e cambia de emisora. Manoel protesta.

Por fin Claudia atopa música. É electrónica, moi bailable. Claudia comeza a moverse ao ritmo da música, cada vez máis enérxica. Non poden evitar sorrir, Manoel e David séguenlle o ritmo.

44 CASA DA PRAIA. INT/DÍA

44 A. Baixan co coche por un camiño de terra e chegan a un xardín grande ao lado dunha casa pequena fronte ao mar. Baixan do coche e Claudia corre directa a ver o interior, Manoel séguela e David queda sacando maletas.

44 B. Unha vella casa de dous pisos, cun pequeno xardín e vistas ao mar. Claudia recorre o interior e Manoel séguela entusiasmado, ela atravesa lixeira as estancias, case sen pisar o chan. Agarra do brazo a Manoel ou tira del, para logo soltalo por un momento e correr ao interior dunha nova habitación. Tódalas ventás e portas están abertas deixando entrar a cálida luz da mañá. As paredes están pintadas de branco, aínda que a suciedade e a humidade lles aportan certa textura. As ventás finas de metal e os escasos mobles típicos dos anos 70 danlle certo encanto ao destartalado conxunto.

Chegan ao salón, un amplo cuarto cunha porta que dá directamente ao exterior, onde espera David nervioso, rodeado das bolsas e maletas que viaxaban no coche e xogando cun cigarro apagado entre os dedos.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

CLAUDIA

A casa é perfecta, incluso demasiado.

David reláxase.

Claudia mira cara o interior unha vez máis antes de saír e fíxase no sofá do salón. É o único moble do salón e ten moita personalidade, está moi desgastado, pero nada máis velo apetece sentar nel.

44 C. Os tres quedan en silencio xunto á mesa do xardín. Non se escoita ningún ruído, soamente o vento e algúns paxaros. Claudia balancea as pernas mirando dun lado a outro, máis que desfrutar desa calma parece agobiada.

45

PORTO DE CESANTES

Moito movemento, xente con nervios que carga instrumentos e caixas nun barco. Antía camiña cara ao porto dende o aparcamento. Manoel achégase a el e deixa a Claudia e a David ao borde do mar.

ANTIA

Xa estás aquí! Bos días! Toma, teño aquí o teu pase de prensa. Que estás, ti solo?

Antía pásalle un colar de tela do que colga un pase de prensa do festival SinSal.

MANOEL

Non, estou cuns amigos.

Manoel recolle o pase e sinala a Claudia e David que fuman preto do barco.

ANTÍA

Ah! Son os de París? Non mos presentas? Así podo preguntarlles que hai que facer para que escribas sobre min...

Manoel non pode disimular a súa inomodidade coa idea.

ANTÍA

Tranquilo, era broma. Eu tamén estou agardando por uns amigos. Podedes ir tirando, creo que o barco vai saír agora. Xa verás como che encanta! E a ver cando volves ensinarme algo diso que escribes.

(CONTINUED)

Antía despídese cun sorriso.

DÍA 11

46 BARCO CARA SAN SIMÓN. EXT/DÍA

Un pequeno barco a motor golpea a auga. Deixan atrás un pequeno porto con embarcacións brancas e afástanse da praia cara unha illa. Empezan a escoitar música, cada vez máis forte segundo se van achegando. Pouco a pouco vanse debuxando un montón de figuras humanas que se moven e cargan cousas dun lado a outro dun pequeno embarcadero. Vense tamén ao lonxe, entre as árbores, grandes bandeiras promocionais, un par de escenarios e varios postos que enchen de cor a illa.

47 ILLA DE SAN SIMÓN. FESTIVAL SINSAL. EXT/DÍA

Os tres camiñan cunhas cervexas na man, do pescozo de Manoel colga o pase de prensa. Avanzan entre a xente ata a zona de concertos.

Ao fondo, despois dun montón de cabezas, está o escenario. Quedan atrás escoitando o concerto e meneando a cabeza. Están xusto ao borde da illa, ás súas costas, tras un pequeno muro, o mar.

Un grupo de xente recoñece a David achéganse a saudar. Son dúas rapazas e un rapaz que o abrazan entusiasmados. Manoel e Claudia soamente fan un xesto de saúdo coa cabeza e quedan lixeiramente apartados.

Claudia sinala o seu vaso baleiro de cervexa e afástase volvendo cara os postos de comida.

Manoel queda só, movendo a cabeza como se o concerto lle interesase, mentres David fala ilusionado cos seus amigos. Non pode escoitar a conversa por enriba da música, pero parece que David fala dos seus proxectos e de París. Manoel sientese bastante incómodo.

Ao lonxe recoñece unha figura. É Dante. Manoel comproba que David segue entretido co grupo de amigos. Cando volve buscar a Dante decátase de que está falando con alguén, con Claudia. Ela arrástrao agarrándolle a man, lonxe dos concertos, cara o interior da illa. Manoel pérdeos de vista entre a xente.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

48 ILLA DE SAN SIMÓN. FESTIVAL SINSAL. EXT/DÍA

Hai uns vasos abandonados no chan con algo de cervexa no fondo. Manoel recólleos e bebe aproveitando ata a última gota. Tanto el coma David e os seus amigos están borrachos agora.

Antía non está lonxe, bailando co seu propio grupo de amigos. Manoel cruza unha longa mirada con ela, ata que un rapaz a abraza e lle dá un bico. Antes de que a decepción xurda efecto en Manoel, aparece Claudia bailando eufórica. Trae unha bolsiña con MDMA que lles ofrece e todos proban.

Bailan sen seguir o ritmo da música, cada un polo seu lado, parecen pasalo ben, pero están separados e descompasados, non hai unha boa conexión entre eles.

Entre salto e salto de pronto Claudia mira algo, deixa de bailar sorprendida. Sacude a David e sinálallo. Corre nesa dirección. A David non lle gusta o que acaba de ver. Claudia volve arrastrando a Daniela.

CLAUDIA

(A Manoel. Gritando por enriba da música)

¡Esta é Daniela!

(señalando a David)

¡A súa irmá!

Manoel mira primeiro a David e logo a Daniela, buscando o parecido entre irmáns. Daniela sorrí e saúdao coa man, logo salta a abrazar a David. Este ao principio parece incómodo, pero enseguida se deixa levar e lle devove con cariño a aperta. Daniela despréndese, guíñalle un ollo a Claudia e únese ao seu baile.

Aínda é de día, os catro desentonan co seu baile entre o ambiente máis ben tranquilo do festival. Manoel pecha os ollos e baila cun sorriso, deixándose levar.

DÍA 12

49 CASA DA PRAIA. HABITACIÓN. INT-EXT/DÍA

Frotándose cunha toalla a humidade que aínda lle queda despois dunha ducha, Manoel entra na súa habitación. Vístese rapidamente con roupa limpa e dobrada que colle do armario. Hai unha mesa baixo a ventá e a carón unha estantería con algúns libros ordeados. Outro montón de libros están aínda dentro dunha caixa.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Xa vestido, Manoel continúa coa labor de colocar ordenadamente os libros. Tómasse o seu tempo, parece disfrutar do traballo. Cando remata séntase á mesa, abre unha libreta e colle un boli. Observa o xardín, todo está tranquilo e unha leve brisa remexe algunhas plantas. Escribe algunhas liñas. Volve mirar ao xardín. Esta vez durante máis tempo.

Un corpo espido sae ao xardín, é Claudia. Avanza ata un cordel que atravesa parte do xardín e do que colgan varias prendas de roupa. Ponse a recoller a roupa tendida, pero David xa corre cara ela alarmado.

DAVID

Pero que fas así! Non ves que xa empeza a refrescar?

Quítalle un foulard das mans, trata de tapala e convencela de que se abrigue.

CLAUDIA

Non teño frío

David insiste no seu xesto de abrigala e esta vez ela non opón resistencia, acepta botar o pano por riba dos ombros. David síntese victorioso e comeza a reprocharlle a súa actitude, Manoel non pode escoitar ben a conversa, entende a duras penas de que falan pola actitude e por algunha palabra que capta.

DAVID

Que intentas? Viñemos aquí para que te cuides. Por riba de deixar o tratamento, adícaste a drogarte e a andar sen roupa...

CLAUDIA

Deberías probalo. Quítate a camiseta.

Claudia quítase o pano dos ombros e tirallo á cara.

DAVID

Falo en serio

CLAUDIA

Eu tamén. Quítate todo.

Comeza tirarlle da camiseta intentando quitarlla, el resístese e comezan unha pequena loita con certa violencia que remata cando ela o bica. A partir de aí David cede ás insistencias de Claudia e entre bicos e mordiscos, vaise desfacendo da súa roupa. Claudia déitase enriba del. Manoel non deixa de observar a escena de sexo dende a ventá.

50 CASA DA PRAIA. CORREDOR-XARDÍN. INT/DÍA

A luz da mañá ilumina o corredor e debuxa formas curiosas na parede branca. Hai un cadro abstracto colgado que non estaba cando chegaron á casa. Manoel camiña ata o xardín terminando de vestirse un xersey.

David está pelando patatas. Claudia está rematando un café, non ten boa cara, perde a súa mirada no mar. Na mesa hai restos dun almorzo. Manoel achégase. Claudia sobresáltase ao sentilo ao seu lado. El colle algo de pan e queixo da mesa e prepara un bocadillo.

CLAUDIA

Pero que silencioso! Mira, a ver se eres capaz de abrir isto.

Claudia pásalle un bote de cristal con melocotóns en almíbar. Manoel intenta abrílo, sen éxito.

DAVID

Estás segura de que Daniela falaba das miñas tortillas? Non recordo que isto se me dese ben nunca.

Claudia está intentando abrir o bote agora, como non o logra, pásallo a David.

CLAUDIA

Outro bocata! Por que non quedas a comer con nós?

Manoel bota unha ollada de desconfianza ao montón de patatas peladas.

CLAUDIA

Hoxe vai vir Daniela.

Manoel encóllese de ombros e xa está saíndo en dirección á súa habitación.

CLAUDIA

Dixo que tiña ganas de verte

MANOEL

Iso si que non mo creo!

51 CASA DA PRAIA. HABITACIÓN INT/DÍA

Sobre a cama están a libreta e máis Manoel, cos ollos abertos. O seu móbil vibra un par de veces, pero el ignóralo. Volve vibrar e entón cólleo, súa nai envioulle un *whatsapp* cunha foto dunha paisaxe tropical, preguntándolle se chegaron ben á casa e mandándolle bicos.

Petan na porta da súa habitación. Abre e entra Daniela sen que a el lle de tempo a reaccionar.

DANIELA
Hoxe non vas á piscina?

MANOEL
¿Que? ¿Que fas aquí?

DANIELA
Veño buscarte, a mesa está posta.

MANOEL
Eu xa comín.

Manoel sinala o plato coas migas de pan. Daniela aproveita para achegarse á mesa.

MANOEL
Claudia mandouche vir?

DANIELA
Non sei... Ti dirás... Ti eres o escritor. Parézoche unha puta escrava de Claudia?

MANOEL
Nunca che deron unha bofetada?

DANIELA
Vestida nunca.

Daniela curioseosa pola habitación. Colle o pedazo de tela e interroga a Manoel coa mirada.

MANOEL
(quitándollo das mans)
Era dun coxín... De cando era pequeno.

Manoel amósalle como resbala a tela ao frotala entre os seus dedos e o son que produce.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Daniela asinte divertida e logo apártase curioseando na estantería. Colle e logo volve deixar varios libros, desordenándoos. Selecciona algúns e vainos acumulando baixo o brazo. Colle unha libreta escrita a man de entre un montón que atopa.

DANIELA

Que tendes ti e Claudia que sodes
capaces de estropealo todo?

Daniela apóiase na repisa da fiestra e bótalle unha ollada aos libros. Manoel sorpréndese polo descaro da rapaza.

MANOEL

Por que che interesamos?

Daniela sorrí ao ler o título dun dos libros.

DANIELA

¡Fitzgerald! ¡Críadesvos
Fitzgerald!

Lanza o libro, "Fermosos e malditos", a Manoel. Este colócao no seu sitio, con outros de Fitzgerald. De paso volve ordenar os libros que Daniela coa súa curiosidade acaba de descolocar.

Daniela le en voz alta un poema escrito a man nunha libreta.

DANIELA

Se o que volta renace
Na espera de quen o abraza
E á roda do lume arde
Toda a vida da casa,
A chegada nunca é tarde.
Se a fala, que lle abre,
Arrecende a pantrigo
E á roda do lume arde
Un novo cantar de amigo,
A chegada nunca é tarde.
Se a paz pousa e comparte
Confidencias e aloumiños
E á roda do lume arde
Toda a sede dos camiños
A chegada nunca é tarde.
Só quen fía amor sabe,
Que a luz da vida se labra,
Se á roda do lume arde
O corazón da palabra.

(Poema de Ángel Estévez Casal)

Daniela pecha a libreta con suavidade, aproveitando a candidez das palabras para facerse a interesante.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DANIELA
Tamén eres poeta?

Manoel responde receloso, nótase que é un tema que lle toca a fibra sensible, do que non lle gusta falar.

MANOEL
Era do meu avó. Era escritor.

Manoel quítalles a libreta das mans. Daniela debuxa un sorriso, victoriosa, como se tivese descuberto a peza do puzle que lle faltaba.

DANIELA
Ben, pois xa podemos ir comer.

52 CASA DA PRAIA. XARDÍN EXT/DÍA

Nos pratos soamente quedan os restos da comida. Manoel enche as catro copas ata baleirar a botella de viño.

CLAUDIA
¡Agora o postre!

Claudia deixa o bote de melocotóns en almíbar sobre a mesa. Todos miran a Daniela. Ela acepta o reto, colle o bote e consegue abrílo á primeira. Todos rin e aplauden, están lixeiramente borrachos.

CLAUDIA
¡A máis forte da casa! Os teus pais
estarán orgullosos...

DANIELA
Sí, bueno... Máis que contigo.

Daniela guíñalle un ollo burlona. Claudia ten profundas olleiras e suda abundantemente. Ao principio cóstalle aceptar a broma pero logo sorrí.

CLAUDIA
Polo menos estudias algo útil...
¿Química?

David érguese da mesa, saca a guitarra da súa funda e ponse a tocar, ignorando a conversa. Manoel atende a Claudia e Daniela.

DANIELA
Estudio cualquiera cousa. Agora é
mellor non ter ambicións. Non somos
como a vosa xeración.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

Ambicións...

CLAUDIA

Que queres facer cando termines?

DANIELA

(con certa desesperación)

Eu que sei... Non me motiva o que fago, preferiría ser artista coma vós, escribir, ser actriz...

(dirixíndose a David)

Para empezar... Nunca me deixas tocar contigo.

Daniela achega a silla para sentar onda seu irmán. Este cédelle a guitarra e ela comeza a cantar e a tocar. Faino moi ben e todos se relaxan.

Claudia está tiritando e sudando. Esfórzase en manter a compostura xunto a Manoel mentres atenden a Daniela. Todos disimulan o feito de que Claudia case non se ten en pé. Manoel pasa o brazo sobre os seus ombros e apértaa cariñosamente.

CLAUDIA

(susurrando a Manoel)

Nuns días estarei como nova. Estar aquí tan tranquila estame sentando ben.

DÍA 14

53 CASA PRAIA. HABITACIÓN-CORREDOR-BAÑO. INT/DÍA

53A. Un grupo de moscas xira en círculos no centro da habitación.

53B. A luz da mañá entra con forza. Manoel observa as moscas. Ten o caderno na man e podemos ler algo do que ten escrito. Abúrrese. Érguese e sae.

53C. Camiña polo corredor ata o baño.

Claudia está lavándose os dentes.

MANOEL

Podo?

CLAUDIA

Si, claro.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Manoel entra no baño e ponse a lavar os dentes ao lado de Claudia. Ela acaba de darse unha ducha, ten o pelo mollado e a camiseta algo pegada ao corpo aínda húmido. O espello está empañado e Manoel non pode verse, pero si pode vela a ela porque limpou unha pequena parte do espello. Manoel fíxase en cada movemeto dela mentres lavan os dentes. Míranse con complicidade.

David entra no baño.

DAVID

Perdón! Podo pasar a ducharme?

Os dous responden afirmativamente. Mentres enxuagan as súas bocas David íspese e entra na ducha.

Claudia remata e vai sair. Manoel vai sair detrás. Pero ela párase en seco, abre a cortina e dálle un bico na boca a David. Saen do baño mentres Claudia, divertida, seca os beizos coa manga da súa camiseta.

54

CASA DA PRAIA. XARDÍN EXT/DÍA

Claudia dorme tirada nunha tumbona e resoplando pola calor, parece moi cansa. David tamén dorme sentado coa guitarra nas mans. Manoel pasa entre eles, a Claudia cáeselle un libro. Cando o vai recoller a Manoel escápanselle algúns folios con debuxos. Son debuxos de Claudia, nos que se ve unha muller espida xunto a un can grande. Manoel recolle todo e deixa o libro cos debuxos xunto a Claudia. Senta, ponse cómodo, e saca o seu caderno.

Mentres Manoel escribe unhas liñas sona o seu móbil e el apúrase en coller enseguida. Ao recoñecer quen fala ao outro lado érguese nervioso.

MANOEL

Ola! Si, aquí (...) Si, bastante sorprendido.

Manoel camiña en pequenos círculos, Claudia e David ignóranos e continúan coa súa siesta.

MANOEL

Agora? Non te pode levar algún dos teus amigos?

55 PISCINA. PONTEVEDRA. INT/DÍA

55A.Un grupo de nenos e nenas duns seis anos corre ao longo da piscina. Diríxense á esquina onde agarda a súa entrenadora, unha muller duns 50 anos, alta e forte, que cunhas poucas palabras logra calalos e gañarse a súa atención. Explícalles uns exercicios e eles van tirándose un a un á auga.

55B.Daniela lánzase de cabeza á piscina. Ten moito estilo e seguridade. Nótase que sabe o que fai, déixase levar, buceando bastantes metros antes de saír á superficie.

Manoel observa todo ao seu redor. A luz da tarde que entra polas grandes cristaleiras da piscina crea fermosos reflexos na auga. Sumerxe coidadosamente un pé para comprobar a temperatura da auga. Daniela, que acaba de saír á superficie, mírao agantando a risa.

Ponse nervioso e, apurado, baixa á piscina por unha incómoda escaleira de metal. Intenta disimular o frío que lle produce meterse na auga. Daniela nada ata porse ao seu lado.

MANOEL
(forzando unha sonrisa)
Prefiro a praia.

Daniela encóllese de ombros.

DANIELA
A min gústame variar...

Bota nadar de novo.

Manoel intenta seguila, pero é claramente máis lento. Detense no medio da piscina. Levanta unha man e observa a luz que atravesa entre os seus dedos mollados.

Daniela adiántao e pasa nadando en dirección contraria. Manoel, sorrinte, volve sumerxirse.

56 RÚAS PONTEVEDRA. EXT/DÍA

Manoel e Daniela camiñan en silencio. Ela lanza miradas curiosas a Manoel, que intenta manter a composura, pero escápalle tamén algunha mirada impulsiva.

Un home duns sesenta anos le nun banco baixo a sombra intermitente das ramas dunha árbore. Manoel fíxase nel. Barbudo e cunha desordenada melena canosa baixo un sombreiro, pasea os seus inquietos ollos polas liñas dun vello libro. As páxinas amarelas péganselle aos seus dedos

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

sucios. Varias capas de roupa desgastada vísteno baixo un longo e farrapento abrigo negro.

Daniela segue a mirada de Manoel e descubre ao lector solitario.

DANIELA
¿Coñécelo?

Manoel move a cabeza lateralmente a modo de negativa.

MANOEL
Non tódolos tolos somos amigos.

DANIELA
(entre risas)
Poderías ser ti de vello.

MANOEL
Non chegarei a vello.

Daniela segue a rir ata que se dá conta de que Manoel fala en serio.

DANIELA
Síntoo pero non... Estadisticamente
xa sería imposible.... Ademais tes
pinta de ser dos que sobreviven.

Manoel detén agora o seu ollar no firme camiñar de Daniela, as súas zapatillas golpean con dureza o chan destartalado.

DANIELA
Estar tolo xa non está de moda.

Agora si que sorrín os dous.

Detéñense. Daniela mira un grupo de rapaces novos.

DANIELA
(senalando aos seus amigos)
Eu quedo aquí.

Manoel bota unha mirada ao grupo e entende.

DANIELA
Escríboche algún día destes por se
te cansas de estar pechado nesa
casa e che apetece saír.

Daniela afástase e Manoel camiña ata o seu coche, que está aparcado preto.

57 LUGAR INDETERMINADO EXT/DÍA

Un ave rapaz sobrevoa o ceo.

58 CASA DA PRAIA. XARDÍN. EXT/ATARDECER

Cando Manoel regresa á casa David e Claudia están na mesma posición: estomballada ela na tumbona e el coa guitarra nunha silla. Teñen mellor aspecto, parecen descansados. Manoel entra moi alegre e enérxico.

MANOEL

Bueno que! Que facemos hoxe?

CLAUDIA

Manoel! Por fin volves!

DAVID

Que tarde máis tonta...

CLAUDIA

Non fixemos nada

DAVID

Se te topas mal o mellor que podes facer é descansar.

CLAUDIA

Pero atópome moitísimo mellor...
Veña, Manoel, sácanos por aí...

DAVID

Non creo que che conveña

CLAUDIA

Imos dar unha volta... Podemos ir
ao Náutico!

MANOEL

Fai anos que non vou por alí.

DAVID

Pois non me interesa moito volver.
E se damos un paseo...

MANOEL

Non! Veña! Fainos falta a festa,
seguro que hai algún conci.

59

NÁUTICO DE SAN VICENTE.

INT/NOITE

Un grupo de punk toca violentamente sobre o escenario, o público axítase, salta e baila entre golpes. No centro está Claudia, movéndose nun baile errático e agresivo como tódolos demais. Ao fondo do local están David e Manoel que seguen o ritmo da música apenas movendo as súas cabezas. Claudia adícalles algunha mirada divertida. A cantante avisa de que será o último tema.

Claudia deixa o seu lugar entre o público para achegarse aos seus amigos. Salta e golpea a David cun ombro para que se anime a bailar. A David non lle fai moita gracia ese xesto, pero Claudia continúa movéndose e molestándoo ata que el se mosquea e sae do bar. Claudia non entende o seu enfado, pero decide deixalo pasar e sinálalle a súa copa baleira a Manoel. Os dous se achegan á barra para pedir outra.

MANOEL

Dúas de whisky

Claudia mira para a porta do local onde David fala coa batería da banda, que comparte con el un porro.

CLAUDIA

Algunha vez o fixen feliz?

Manoel tarda en contestar.

MANOEL

... Claro que é feliz... Senón non o tería deixado ir a París contigo

Recollen as súas copas e danlle un trago á vez que comparten unha mirada cómplice.

Unha nova melodía de guitarra comeza a sonar. Claudia reconece os acordes e vólvese cara o escenario sorprendida. David está tocando. Antes de que Manoel poida dicir nada Claudia xa está subindo ao escenario. Canta unha versión acústica e moi lenta de EL HUERFANITO de Antonio Machín. Claudia contén a emoción mirando case sen pestanexar a David, que lle devolve unha intensa mirada. Os dous parecen estar falando, un fronte ao outro, ignorando por completo ao público.

Manoel contempla á parella. Todos os que antes parloteaban por enriba da música, contémpnanos agora na súa magnética interpretación.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

60

PRAIA DA BARROSA

EXT/NOITE

O mar é unha masa escura na noite. Manoel sentado nunhas pedras bebe tranquilamente mentres move a cabeza ao ritmo da música que chega do interior do local. Vese un pouco afectado polo alcohol.

Claudia achégase por detrás, tamén algo borracha, non logra manter o equilibrio camiñando polas pedras. Tropeza e cae rascando unha perna. Detense e observa a ferida, sangra un pouco.

CLAUDIA

Nada, non é nada! podes estar tranquilo!

Manoel sorrí e agarda a que a súa amiga chegue onda el, cando senta ao seu carón téndelle o vaso. Contemplan o mar durante un longo silencio.

CLAUDIA

¿Non te acordas nunca de todos nós?

Manoel escoita.

CLAUDIA

... de Marcos, de Carlos... Sempre detrás de min coma un canciño... Tan novos. Bótoos en falta... E sinto non poder telos diante agora mesmo, emborracharnos, darlles mil bicos, dicirlles que os quero, que nunca olvidarei que me quixeron... e despois deixalos marchar e chorar...

(contendo as bágoas)

Fai moito que non choro. A ver se consegues facerme chorar.

MANOEL

Pasámolo mal... E eu... non tiven en quen apoiarme.

CLAUDIA

Non queredes estar ao meu lado en París. Cría que alí todo brillaría, pero era mentira, non hai luz como a de aquí.

Manoel ten os ollos húmidos.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

Alégrome de que esteades aquí.

Claudia emociónase.

CLAUDIA

Hai tanta xente, tantas cousas que nunca máis...

Claudia mórdesse os beizos tratando de non chorar e seguir. Manoel achégase e agarrándolle a cabeza dálle dous bicos nos beizos intensamente.

CLAUDIA

Querer tanto matounos

Aínda sen soltala dálle tres bicos na cara e frega coa súa pel as bágoas de Claudia.

MANOEL

Alégrome... tanto... de que volveses...

Despois abrázanse con forza. A cara de Claudia reflexa serenidade e paz.

CLAUDIA

Sabes que era o que máis me gustaba cando metiamos xuntos? Aceptar a fatalidade...Eu tamén me alegro de verte, pero non soporto o paso do tempo. Estar aquí é terrible. Saber que vas morrer tamén, pero menos...

David sae do Náutico chamando por eles.

DAVID

Claudia! Manoel! Claudia!

Descúbreos nas pedras. Está moi borracho, camiña moi torpemente cara a auga, facéndolles xestos para que se acheguen.

DAVID

Veña! A que esperades! Está unha noite estupenda!

Manoel e Claudia non se poden crer o que están a ver. David corre directo para a auga quitándose a roupa.

DAVID

Veña non vos quededes aí!

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Manoel e Claudia corren xunto a David, quítanse a roupa e bótanse ao mar. Quéixanse porque a auga está fría, pero non deixan de rir e xogar. Saen rapidamente e tíranse na area entre risas.

DÍA 15

61 CASA DA PRAIA. SALÓN. INT/DÍA(MAÑÁ)

Os tres dormen apretados no sofá, os seus corpos entrelazados e espidos. Manoel vai despertando e desperezándose pouco a pouco. Érguese con delicadeza. Busca polo chan os seus pantalóns e vísteos, colle tamén no peto o seu caderno. Senta nunha silla e toma unhas notas mentres contempla aos seus amigos durmindo abrazados no sofá. Podemos ler algunha das liñas que ten escritas na libreta. A luz da mañá vai iluminando os seus corpos, comeza a facer calor, as peles están sudorosas e os dous se removen incómodos no sofá.

David acaba por despertar. Érguese, sae e volve cunha botella de auga. Bebe abundantemente. Claudia dorme agora tendida ao longo do sofá. Aínda que suda e a súa pel non ten bo color, non treme e está agora tranquila. David achégase e acaricia o seu pelo detrás das orellas, ela responde cun xesto de pracer movendo a cabeza cara atrás, erguendo o queixo. David volve acariciala, pero agora ela responde axilmente cun mordisco rápido e cariñoso. Os dous sorrín e seguen xogando.

Claudia acaba por espertar, ponse o seu vestido e saíndo para a cociña comenta en voz alta.

CLAUDIA
Non tedes fame?

David senta no sofá. Claudia volve cun par de pratos con froita, pan e algo de queixo e ponse a comer. Manoel segue na súa butaca escribindo e observándoos, sen pronunciar unha palabra. O seu móbil vibra no peto do pantalón, Manoel cólleo rápido e le unha mensaxe que parece alegralo. Achégase a Claudia e David, busca un oco no sofá e colle un cacho de pan.

Despois dun tempo así, comendo, Claudia lembra algo.

CLAUDIA
(a Manoel)
Estiveches de cumple! Cando foi?
Non me lembro, pero xa pasou,
seguro... Espera aí.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Claudia érguese divertida e vai ata o moble do salón. Rebusca entre un montón de cousas acumuladas a carón do tocadiscos.

DAVID

Claro, xa non me lembraba... E iso que sempre o celebrabamos ao grande!

Manoel asinte con medio sorriso nos beizos e poucas ganas de poñerse nostálxico. Claudia volve con algo nas súas mans. Entrégallo a Manoel. É un vinilo de Machín. Abraiado, Manoel dalle unhas cantas voltas, curioseándoo ben.

MANOEL

É para min? Gracias...

Claudia quítallo das mans, saca o vinilo e colócao no tocadiscos para que comece a soar.

Volve sentar e os tres xuntos escoitan a canción de EL HUERFANITO de Machín.

DÍA 16

62

MERCADO

INT/DÍA

Unha merluza sobre unha tabla blanca. Un forte golpe cun coitelo decapítala primeiro e vai cortándoa en toros despois. Claudia e Manoel observan a David que recolle e paga o paquete que a peixeira lle entrega. Claudia ten moi mal color. Na praza hai moita vida, xente que camiña entre os mostradores ou se detén a comprar. Claudia mira en todas direccións, buscando algo que chame a súa atención.

CLAUDIA

Abúrrome

Manoel vai contestar, pero víbralle o teléfono que o interrompe e absorve toda a súa atención. Le algunha mensaxe que o fai sorrir, ignora o discurso de Claudia.

CLAUDIA

...E non me encontro ben... Estou algo mareada. Vou saír, dille a David que vou saíndo, vale?

Manoel só asinte sen interese, coa mirada perdida no móbil. Cando volve erguer a vista Claudia está camiñando cara a entrada, detense mirando algo ao lonxe.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

David e Manoel acércanse a Claudia, ela crava a súa mirada profunda e distante nun afastado punto. Eles tratan de seguir a súa mirada, pero non atopan nada. Claudia ninsequera pestanexa, esta concentración fai que a situación sexa cada vez máis intrigante. Pero ninguén di nada ata que de súpeto Claudia se volve e arranca a camiñar.

CLAUDIA

Imos!

Os tres marchan sen decirse máis nada.

DÍA 17

63 CASA DA PRAIA. BAÑO-HABITACIÓN. INT/NOITE

A porta do baño está aberta. Manoel está mexando. Sen tirar da cisterna regresa á súa habitación. En canto se asoma polo oco da porta pode ver a Daniela, vestida só cunha camiseta del, agardándoo co móbil nas mans, gravando.

DANIELA

Ven, senta na cama.

Manoel obedece e ela grava o seu movemento, logo achégase sen deixar de gravar e bícao. Pousa o móbil na mesilla de xeito que siga encadrándoos e túmbase sobre el.

64 CASA DA PRAIA. HABITACIÓN. INT/NOITE

Manoel abre os ollos, Daniela está sentada ao seu lado acariciando a súa meixela. Manoel sorrí, abraza a súa cintura e pousa a cabeza no seu colo.

Despois dun longo momento de silencio Manoel atrévese a dicir o que está pensando.

MANOEL

Sabes que isto non vai durar.

Daniela solta unha gargallada.

DANIELA

(irónica)

Si, xa sei, non vas chegar a vello.

MANOEL

Falo doutra cousa... Agradezo que...

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DANIELA

Non, non... Cáesme ben, estou aquí porque quero. Isto non vai a ningún outro lado e é mellor así...

Manoel obsérvaa cun sorriso de admiración. A casa está totalmente en silencio.

DANIELA

Ademais cando todo isto acabe irei con David a París. Vou estudar cine.

MANOEL

(agantando la risa)

Cine?

Daniela asinte moi seria, facéndose a ofendida. Logo percibe algo estraño.

DANIELA

Non hai demasiado silencio?

Manoel encóllese de ombros e abrázaa para que se tumbe con el.

MANOEL

Supoño que non están na casa. Mellor...

65 CASA DA PRAIA. HABITACIÓN. INT/NOITE

Escoitase un portazo, pasos acelerados polo corredor, máis portas baténdose. Manoel e Daniela despertan sobresaltados. Escoitan a David berrar no salón e algúns obxectos rompendo contra o chan. Vístense apurados.

DÍA 18

66 CASA DA PRAIA. SALÓN. INT/AMENCER

Manoel entra no salón e atópase con David que tira os vinilos e algúns libros da estantería para o chan. Ao ver a Manoel avergónzase da súa actitude, derrúbase, e bótase tamén no chan. Daniela entra e observa a escena desconcertada.

DAVID

Marchou... non a atopo por ningures. Toda a noite buscando. Non está... Seguro que marchou con
(MORE)

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DAVID (cont'd)

Dante. Tiña ese aspecto de cando necesita un pico, de cando se reengancha... Axúdame a atopala. Teño medo de que intente... Axúdame! Ti sabes onde vive!

DÍA 19

67

HOSPITAL. ESCALEIRAS EXTERIORES (DE INCENDIOS)
EXT/DÍA(TARDE)

Manoel coa cabeza baixa lía un porro mentres espera de pé. Ás súas costas, unha porta de cristal leva aos corredores do hospital. Ao seu fronte exténdense campos verdes salteados de casas e algún que outro edificio de nova construción. Está nervioso e tarda moito en liar o porro que, ademais, case se lle cae varias veces. Despois de logralo lévao aos beizos e encéndeo, este xesto tamén lle costa, pois o chisqueiro malamente quere funcionar.

Despois dun par de caladas Claudia sae pola porta e interrómpeo. Viste pixama de paciente, pero ten a cara pintada de cores e leva varios libros e revistas nas mans. Manoel observa o seu aspecto e, sorprendido, interrógaa coa mirada.

CLAUDIA

Veño de estar xogando cos nenos. Encántalles que lles lea, calquera cousa... ata podo facer que os xornais sexan entretidos...

Claudia senta nas escaleiras coa paisaxe verde e o atardecer ás súas costas. Rebusca entre o montón de revistas e pásalle un xornal a Manoel á vez que lle quita o porro. Manoel fíxase nas marcas de rabuñaduras de gato que Claudia ten nas mans e logo fíxase na noticia que ela lle sinala. Mentres ela lle da unhas caladas ao porro, el le. A noticia informa do suicidio de Dante.

MANOEL

Estás enfadada?

Claudia responde resignada, encolléndose de hombros.

CLAUDIA

Era o momento de Dante... Total, para o meu, despois desta sobredose, xa falta menos...

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

David e Daniela achéganse á porta. Claudia ao velos devólvelle o porro a Manoel. Eles saen e sentan xuntos no lado oposto das escaleiras. Ás súas costas oprímeos a parede sucia do hospital.

DANIELA

Non sei por que non a visitas na habitación coma todos.

CLAUDIA

É que Manoel non vai a enterros.

Quedan en silencio. Manoel saca o seu caderno e anota unha frase, despois Cláudia quítalle o caderno das mans con curiosidade.

CLAUDIA

Podo ler?

MANOEL

Si, supoño que si... Aínda que son soamente notas. Podes ler o final, é o único que teño revisado...

Manoel sinálalle onde ten que ler.

MANOEL

Por certo, hai unha editorial interesada en publicar...

CLAUDIA

"Daniela veume recoller en coche a media mañá para ir buscalos. Conducía con soltura, coma unha vella de vinte anos, sorteando sen dificultade os atascos provocados polas obras. Chegamos á porta do hospital uns minutos despois. Claudia apertaba a boca cos beizos rotos polo frío, sostida por David. O coche arrancou baixo un calor sofocante, entre un tumulto de xente. Un aire afastado corría sen rumbo dun lado a outro dunha rúa estraña. O sol palidecía ao lonxe, como unha moeda acendida. Co coche sobrevoando o asfalto ardente da carretera xirei a cabeza e puiden ver no horizonte, máis alá das nubes rosadas do atardecer, a mancha gris da cidade.

A miña soidade cesou como quen frea unha bicicleta vella. Non estaba

(MORE)

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

CLAUDIA (cont'd)
 triste nin alegre, senón
 expectante. Os días do verán
 estiráronse interminábeis baixo o
 sol sereno de agosto. Unha tenrura
 inquebrantable cubría todo. O
 arrecendo do verán estalaba nuns
 poucos lugares concretos, a
 determinadas horas, e cara alí nos
 dirixiamos cun ímpetu descoñecido."

Claudia escacha a rir cunha gargallada que contaxia a todos os demais.

CLAUDIA
 Non entendo por que alguén quereda
 publicar unha novela que fala de
 nós. Pero supoño que me gusta. O
 final... É optimista.

Daniela érguese dun respingo, colle o seu móbil e encádraos aos tres para facer unha foto.

68 ESTRADA ÁS AFORAS DE SANTIAGO EXT/ANOITECER

Un punto calquera no arcén dunha estrada, as luces e o son dos motores veñen e van. Non hai nada máis que unhas poucas herbas que se axitan co paso dos coches.

69 COCHE. ESTRADA ÁS AFORAS DE SANTIAGO INT-EXT/ANOITECER

Manoel conduce coa mirada perdida nas liñas da carretera. Vai encollido, incómodo ao sentir o baleiro que está o coche, a tranquilidade, a soidade.

70 RÚAS ZONA NOVA EXT/NOITE

Moi tenso e moi lento, Manoel camiña polas frías rúas empedradas. Dubitativo remexe algo no seu peto, finalmente saca o móbil e marca un número.

MANOEL
 Ola mamá... Si, son eu. Que tal?
 Que hora tedes aí?

Non se entende o que responde, pero escoitamos a voz entusiasmada da nai de Manoel que fala sen cesar. A el váiselle descompoñendo cada vez máis o semblante, ata que a voz ao outro lado do teléfono remata o seu discurso cunha pregunta.

(CONTINUED)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MANOEL

(contendo a emoción)

Ben... si, ben tamén.

(...)

Non... diñeiro non necesito.

(...)

Vale, pásao ben. Bicos

Profundamente insatisfeito arranca de novo a andar.

71 RÚAS ZONA NOVA EXT/NOITE

Horas máis tarde, aínda máis perxudicado, borracho e enfurecido, Manoel arrástrase polas rúas golpeando co seu puño contra as pedras das paredes.

72 PISO DE DANTE. PORTA INT/NOITE

Manoel golpea unha porta violentamente. Non hai ningunha resposta, tras os golpes, o silencio da noite continúa. É a porta do piso de Dante, atravesada por unha cinta policial. Non pode soportar o silencio e volve pegar cos seus puños na porta. Ata que un ruído o pon de alerta. Pola porta do piso contigo sae un home, o CASEIRO, protestando.

CASEIRO

Que carallo! Pensei que xa se acabara isto! Non serás amigo del?

Manoel dá a volta bruscamente sen escoitalo e descende as escaleiras torpe e rapidamente, tropezando contra as paredes e os chanzos de madeira e consigo mesmo. Parece a piques de desmoronarse.

CASEIRO

Sabes quen vai levar todo isto? E ese gato todo o día a miañar... Por que non levas o gato? ... Non virás pagar o que me deixou a deber, non?

Manoel segue baixando escaleiras acelerado. Unha vez abaixo decátase de que algo o está a seguir. Vólvese e descubre ao gato branco de Dante baixando as escaleiras. Manoel está a tremer, case sen aire, respira axitado. O gato achégase e refrégase contra el que se agacha para agarimalo. Agárrao polo lombo, apértao contra si e rompe a chorar con desesperación sentado no chan, abaneándose para diante e atrás.

Pasa un tempo así, no silencio soamente roto polo ronroneo grave do gato e a súa aguda e entrecortada respiración.

73 REDACCIÓN RADIO INT/DÍA

Na mesa máis luminosa e ordenada da oficina, xunto a unha ventá, hai un caderno aberto, varios papeis con notas e un libro. Antía recólleo todo e gárdao no seu maletín.

74 COCHE - ESTRADA COMARCAL DIRECCIÓN RÍAS BAIXAS INT-EXT/DÍA

Antía conduce tranquilamente, o tempo está calmo, algunha nube inofensiva acompañaa na viaxe. No asento do copiloto, pousado descoidadamente, está o seu maletín, aberto e con algunhas cousas caídas fóra. Entre elas o libro, agora podemos ler o título "A Estación Violenta".

75 CASA DA PRAIA EXT/DÍA

Antía abre o portal e entra, co seu maletín colgando e o libro na man. O gato branco achégase cando a sinte entrar e enróscase entre as súas pernas con confianza. Ao fondo do xardín Manoel contempla o horizonte no mar. Vólvese para saudala cun leve xesto de cabeza, ela ensínalle a novela dende lonxe e os dous sorrín. Manoel regresa a súa mirada contemplativa a algún punto afastado.

76 LUGAR INDETERMINADO EXT/DÍA

Unha árbore cunha rama a piques de romper axítase polo vento.